

RESOLUCIÓN

ASUNTO: LIQUIDACIÓN SOBRE DO PADRÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE OUTUBRO DO 2025

EXPEDIENTE:

D. Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do concello de Curtis (A Coruña),

ANTECEDENTES.

- Padrón de usuarios do Servizo de axuda no fogar, prestado segundo a ordenanza reguladora do dito servizo durante o mes de Outubro do 2025 e o informe da traballadora social relativo ao mes de Outubro, asinado 03/11/2025, no que se reflexan as horas prestadas a cada usuario e o importe de cada hora.

NORMATIVA APLICABLE

Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de réxime local, modificado pola Lei 11/99, do 21 de abril,

Lei 5/97 do 22 de xullo, da Administración local de Galicia

Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Curtis (BOP núm. 76, 23/04/2014)

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación correspondente ao mes de Outubro conforme ao informe da traballadora social asinado o 03/11/2025

Total liquidación de OUTUBRO 5952,16 €

SAF LIBRE CONCORRENCIA	403,14€
DEPENDENCIA	5549,02 €

SEGUNDO.- Expoñer ao público o padrón de usuarios por prazo de quince días hábiles a efectos de exame e reclamacións. En caso de non formularse alegacións contra o mesmo entenderase aprobado definitivamente.

TERCEIRO.- Contra o padrón de usuarios todos os interesados poderán interpor recurso de reposición, segundo disposto no artigo 14 do Real Decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta

do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo. Tamén se poderá interpor calquer outro recurso que se estime oportuno.

CUARTO.- O aboamento cargarase no número de conta facilitado por cada un dos titulares dos usuarios dos servizos sociais. Finalizado o prazo de aboamento iniciárase o período executivo e a débeda resultante esixírase polo procedemento de contrinximento, con cargo do 20% e os xuros de demora que se devenguen desde o antedito período. Non obstante, o recargo será do 10% e non se esixirán xuros de demora se a débeda se aboase antes de recibir a notificación de providencia de contrinximento.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde ,

D. Javier Francisco Caínzos Vázquez.

Dou fe, a Secretaria-interventora

Rosa María Buján Ordóñez